

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2014**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE:	
D. José Fervenza Costas	PP
CONCELLEIROS/AS:	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Vicente Verdeal Ríos	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G- PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G- PSOE
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	

En Moaña, o 27 de novembro de 2014, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, de expediente modificación de crédito nº 23/14 por transferencia de crédito 2/14
- 5º.- Informe período medio de pago a provedores, 3º trimestre 2014
- 6º.- Adhesión ao Convenio entre a Xefatura Central de Tráfico e a FEMP para o intercambio de información
- 7º.- Aprobación do expediente de expropiación vial II Golf Domaio e solicitude de prevalencia
- 8º.- Aprobación III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2014-2018 do Concello de Moaña
- 9º.- Moción da Chamusca sobre a explanada da Mosqueira
- 10º.- Moción do PSG-PSOE sobre Plan de revisión e mantemento de áreas de xogo
- 11º.- Rogos e preguntas

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 30 de outubro de 2014, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria da data 30 de outubro de 2014.

2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS

O Sr. Alcalde informa das xestións das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas, así como as datas nas que se remitiron.

Intervén Francisco Ferreira quen manifesta a súa protesta polo retraso na remisión das mocións do Pleno do 25 de setembro, e pide que se lle informe nas datas nas que se remitiu.

O Sr. Alcalde indica que se remitiron o 30 de outubro.

Don Francisco Ferreira pide información sobre as mocións sobre a ponte de Rande, sobre o tema do cancro do BNG, e as mocións sobre o parque eólico, a do PSOE sobre a Lei de dependencia. Pide que se lle aclare o retraso.

O Sr. Alcalde pide que interveña o secretario da Corporación e aclare a cuestión da remisión das mocións. O secretario da Corporación aclara que primeiro se elabora o borrador da acta da sesión, e unha vez que é corrixida polo Servizo de Normalización Lingüística, expídense as correspondentes certificacións e envíanse aos distintos organismos. Normalmente a acta finalízase pasados quince ou vinte días dende a sesión.

Don Francisco Ferreira manifesta a súa oposición a este sistema e sinala que o responsable na tramitación é o responsable do Concello pola súa negligencia no funcionamento e polo retraso na remisión das mocións aos distintos organismos.

3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 427, do 27/10/2014, e a número 463, da data 24/11/2014.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

➤ Intervén don Jorge Santomé quen respecto á moción da Chamusca sobre a explanada da Mosqueira, que figura no punto 9, propón a súa retirada. Pide a retirada porque hai que compaxinar o uso desta explanada. Para facer pista de skate, escola de vela ou pistas multiusos hai que ter en conta o sector do mar e hai que compaxinalos. Pide unha mesa de traballo para consensuar os usos da Mosqueira na que estean representadas todos os colectivos afectados. E facer un concurso de ideas en colaboración con Portos de Galiza. Queremos o acordo de todos. Por tal motivo, pide que se retire a moción para reunirse con todos e chegar a acordos.

➤ Dona Marta Freire di que non entende e non comparte a retirada. Pódese aprobar e logo facer a mesa de traballo, e non apoia a retirada.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que tiña que ter pedido unha cuestión de orde e que se debería facer a petición a Chamusca, que é quen presentou a moción.

➤ Don Paco Ferreira propón unha transacción sobre o contido da Moción se é para un acordo político sobre a utilidade da Mosqueira. Nunha mesa parécelle ben, pero retirala sen ningún compromiso, non ten sentido. Pide que se debata a moción.

➤ O Sr. Alcalde propón retirala para consensuar para que en decembro se volva debater; antes de aprobalo, que sexa consensuado. Propón sentarse todos e traelo en decembro e que sexa

aprobado con toda a Corporación. E interveñan todos os sectores, e o sector do mar.

- Intervén un veciño quen indica que hai precedentes de que non se cumpren os prazos. E se dan largas.
- O Sr. Alcalde di que nós o pedimos e pídelles ao secretario da Corporación que aclare se procede votar.
- O secretario indica que se un grupo político solicita a retirada dun punto da orde do día, débese proceder á votación.
- Don Francisco Ferreira indica que o Concello opinará sobre os terreos que son de Portos de Galicia. É dicir, os usos. Se vai a Moción a Pleno, pensa que ten que ser para propoñer os usos e hai que cambiar os ditos usos. O Concello si estivo de acordo con Plan de usos. Nós pedimos unha modificación no Plan de usos ou unha concesión administrativa.
- Don Jorge Santomé sinala que non contastes co sector do Mar. O sector do Mar ten moito que dicir.
- Un veciño di que se vote que sexa zona verde e pública.
- O Sr. Alcalde di que quere que se trate no seguinte Pleno e que haxa acordo unánime.
- Don Xosé Manuel Millán indica que nunca se fixo isto.

Sometido a votación a retirada do punto nove da orde do día, proposto por don Jorge Santomé, a Corporación do Concello de Moaña, por oito votos a favor, os do PP, e nove en contra, os do BNG e PS de G-PSOE, acorda **rexeitar** a proposta de retirada da moción incluída no punto 9 da orde do día por petición da Federación de AAVV A Chamusca sobre os terreos da explanada da Mosqueira.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 23/14 POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/14

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 25/11/2014.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que o Concello, no marco do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, aprobou a concertación dunha operación especial de préstamo por importe inicial de 4.549.015,54€, e nunha fase posterior outra por importe de 283.445,82€ formalizada coa entidade Caixabank S.A.

Visto o artigo 14 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade, referido á prioridade absoluta do pago da débeda pública, que establece: “os créditos orzamentarios para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións Públicas entenderase sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e non poderán ser obxecto de emenda ou modificación mentres se axusten ás condición da Lei de emisión. O pago dos xuros e o capital da débeda pública das Administracións Públicas gozará de prioridade absoluta fronte a calquera outro gasto”.

Visto que o crédito dispoñible nas correspondentes aplicacións orzamentarias, non é suficiente

para a imputación ao orzamento dos xuros e a cota de amortización dos préstamos concertados ao abeiro do RDL 4/2012, faise precisa unha modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito co fin de dar cobertura orzamentaria aos referidos gastos.

Visto que con data 12 de novembro de 2014 a Intervención municipal emitiu informe.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 179.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o órgano competente para a aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno.

Visto o anterior, propónse que o Pleno adopte o seguinte acordo.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 23/14, na modalidade de Transferencia de crédito 2/2014 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 135.216,00€.

De acordo co seguinte detalle:

a) Aplicacións que ceden crédito

Partida	Destino	Crédito para ceder
1320.21400	Reparacións vehículos Policía local	2.000,00
1340.21200	Conservación e reparación de inmobles	100,00
1340.21400	Reparacións vehículos	2.000,00
1510.23120	Gastos de locomoción	2.000,00
1550.61110	Mellora de camiños públicos	22.576,00
1620.21000	Programa de mantemento vertedoiro municipal	2.000,00
1640.21200	Reparacións e conservacións de cemiterios	450,00
1640.21300	Reparación maquinaria cemiterios	100,00
1710.22109	Plantas, sementes, fertilizantes...	2.300,00
2310.20200	Aluguer de inmobles	20.275,00
2310.22611	Gastos comunidades	2.000,00
4320.22602	Publicidade e propaganda	4.500,00
9120.10000	Retribucións corporativos	14.915,00
9340.31101	Gastos de formalización de operacións de crédito	500,00
9310.21600	Mantemento programa contabilidade	1.900,00
9430.41000	Transferencia ao Patronato Municipal Beiramar	57.600,00

b) Aplicacións que reciben crédito

Partida	Destino	Crédito para recibir
0110.91111	Amortización préstamo ICO FFPP	135.216,00

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales quen estea interesado poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Moaña, 14 de novembro de 2014. O Alcalde José Ferverza Costas »

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que vai votar en contra desta transferencia por non presentar o presuposto que o teñen prorrogado. Necesitan a operación para facer fronte aos 5 millóns de euros e íalles faltar crédito orzamentario agora. Fóronse arranxando co presuposto do 2011 e prorrogárono e non teñen crédito e agora non teñen para pagar débeda financeira. E por importe de 135.000 euros e a interventora di que queda 204.000 euros sen contabilizar, son 300 e pico mil euros no 2014 e do 2012 tamén unha parte. Urxe un presuposto pois faltan 420.000

euros, e pídelle á concelleira de Facenda que cadre o orzamento e as facturas que están no caixón esperando sen consignación orzamentaria. 1.400.000 euros hai que contabilizalos. Ata agora foron felices e deixarán o Concello cun problema económico de difícil solución. Estes son remendos onde teñen que facer un pantalón, e agora véselles onde as costas perden o seu nome.

- Dona Marta Freire indica que nós non imos ser os salvavidas que miremos para o outro lado. Pídenos que lle saquemos as castañas do lume e debe presentar os orzamentos e consignar as partidas. Este Goberno prefire facer fronte ás débedas quitando cartos de camiños, dos inmobles ou do Padroado. Dende 2011 tiveron tempo e non dan aprobado nin este nin ningún outro orzamento.
- Dona Rosa Solla sinala que os cartos destas partidas non afecta aos servizos da veciñanza. O pago da débeda é prioritario. Por iso, a modificación. Se non se paga, enfrontarémonos á diminución dos cartos do Estado. Queremos pagar as nosas débedas.
- Don Xosé Manuel Millán indica que non confunda a veciñanza. Os bancos non pediron os cartos, vanos cobrar e non pode contabilizalos. Se lles quitan da achega do Estado, que fixeran vostedes o presuposto. Rajoy, Merkel e o BCE fixeron que a débeda sexa prioritaria. Temos o 100% do PIB de débeda de tanto pagar aos bancos.
- Dona Marta Freire sinala que vostedes son os culpables de non presentar os orzamentos. Non lles imos sacar as castañas do lume. Non foron competentes para presentar os orzamentos.
- Dona Rosa Solla indica que non entro no que se fixo ou non se fixo. Non cre que sexa algo só noso. Era algo necesario no seu momento.
- O Sr. Alcalde toma a palabra e indica que estamos falando de 20 millóns de débeda que había no 2011. E tratamos de sacar un Concello arruinado en 20 millóns de euros.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE e oito a favor, os do PP, acordan:

Rexeitar a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 23/14, na modalidade de Transferencia de crédito 2/2014 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 135.216,00€.

5º.- INFORME PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES, 3º TRIMESTRE 2014

Dáse conta do informe realizado pola interventora municipal, dona M^a Carmen Carrecelas Rosales, que literalmente di:

Ref. 132/2014

- **DATA:** 29/10/2014
- ASUNTO:** Período Medio de Pago a Provedores, 3º trimestre.
- **PARA:** Alcalde-Presidente

M^a Carmen Carracelas Rosales, funcionaria con habilitación de carácter nacional, interventora no Concello de Moaña, calculado o período medio de pago a provedores de acordo co establecido no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, emite o seguinte informe:

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

PRIMEIRO.- A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, redefiniu no artigo 4 o principio de sustentabilidade financeira, incluíndo non só o control da débeda pública financeira, senón tamén o control da débeda comercial.

“Art. 4.- Principio de Sustentabilidade Financeira.

1.- As actuacións das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei estarán suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira.

2.- Entenderase por Sustentabilidade Financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido nesta lei e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o Período Medio de Pago a Provedores non supere o prazo máximo previsto na Lei de morosidade”.

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago, como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as administracións públicas deberán facer público o seu período medio de pago, que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común, metodoloxía que se concreta no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O Período Medio de Pago definido no RD 635/2014, do 25 de xullo, mide “o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos”, como indicador distinto do período legal de pago establecido no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO.- O Capítulo II do RD 635/2014, do 25 de xullo, relativo ao Período Medio de Pago a Provedores, establece na sección 1ª a metodoloxía de cálculo (artigos 3 a 5) nos seguintes termos.

“Artigo 3. Operacións seleccionadas para o cálculo económico do período medio de pago a provedores.

1.- Para o cálculo económico do período medio de pago a provedores, tanto global como de cada entidade, teranse en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións mensuais de obras aprobadas a partir da mesma data.

2.- Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de administracións públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ao Fondo para o financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.”

Artigo 4.- Cálculo do período medio de pago global a provedores.

<i>Período medio de pago global a</i>	<i>=</i>	<i>Σ (período medio de pago de cada entidade * importe</i>
---------------------------------------	----------	--

provedores	operacións da entidade)
	Σ importe operacións das entidades

Entenderase por “importe das operacións da entidade” o importe total de pagos realizados e pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 5.- Cálculo do período medio de pago de cada entidade.

1. Para os efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

Período medio de pago de cada entidade	=	ratio operacións pagadas * importe total pagos realizados + ratio operacións pendentes de pago * * importe total pagos pendentes
		importe total pagos realizados + importe total pagos pendentes

2. Para os pagos realizados no mes, calcularase a ratio das operacións pagadas de acordo coa seguinte fórmula:

Ratio das operacións pagadas	=	Σ (número de días de pago * importe da operación pagada)
		Importe total de pagos realizados

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos dende:

Os trinta posteriores á data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou dende a data da aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda, ata a data de pago material por parte da Administración.

....

3. Para as operacións pendentes de pago o final do mes calcularase a ratio de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

Ratio de operacións pendentes de pago	=	Σ (número de días pendentes de pago * importe da operación pendente de pago)
		Importe total de pagos pendentes

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos dende os trinta posteriores á data de anotación da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou dende a data de aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

4. Para o caso das corporacións locais non incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a referencia ao mes prevista neste artigo entenderase feita o trimestre do ano natural”.

TERCEIRO.- Calculado o período medio de pago a provedores, de acordo coa metodoloxía establecida no RD 635/2014, os datos obtidos son os seguintes:

**CONCELLO DE MOAÑA
3º TRIMESTRE 2014**

ENTIDADE	RATIO PAGADAS	RATIO PENDENTES	PERÍODO MEDIO PAGO	IMPORTE TOTAL PAGADO	IMPORTE TOTAL PENDENTE
CONCELLO DE MOAÑA	85,01	66,95	70,08	267.689,43	1.279.252,22

P.M. BEIRAMAR	11,90	0,00	11,90	8.799,28	0,00
PMP GLOBAL			69,75	276.488,71	1.279.252,22

O artigo 13.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, no apartado 6, establece:

“Art. 13.6.- As administracións públicas deberán publicar o seu período medio de pago a provedores e dispoñer dun plan de tesourería que incluíra, polo menos, información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade. As administracións públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.

Cando o período medio de pago dunha Administración pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte do dito plan o seguinte:

a) O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pago a provedores para poder reducir o seu período medio de pago ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros e pagos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade”.

O prazo máximo que fixa a normativa de morosidade para o pago a provedores é de 30 días, polo que de acordo cos cálculos efectuados, o Período Medio de Pago a provedores do Concello de Moaña supera o máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Ante o incumprimento do Período Medio de Pago, o capítulo III do RD 635/2014, referido ás “Condicións para a retención dos importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiación das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais”, establece no artigo 8.4 o seguinte:

“Cando o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecte que se produciu un incumprimento do prazo máximo de pago a provedores nos termos establecidos no artigo 18.5 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, comunicarao á Corporación Local, previa comunicación á Comunidade Autónoma no caso de que esta exerza a tutela financeira de dita Corporación, e poderalle solicitar a información necesaria, debidamente certificada polo interventor da Corporación Local, para cuantificar e determinar a débeda comercial e a parte dela que se vai pagar con cargo os seus recursos propios, cancelándose a diferenza mediante retencións da participación nos tributos do Estado.

Esta información será actualizada polo Interventor da Corporación Local antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural”.

Polo tanto, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a Administración Xeral do Estado ante o incumprimento reiterado por parte da Corporación local do prazo máximo de pago, reterá recursos do réxime de financiamento correspondente (Participación nos tributos do Estado), co fin de pagar directamente aos provedores.

É imprescindible e prioritario que o Concello de Moaña adopte na maior brevidade posible as medidas oportunas (reducir gastos e/ou incrementar ingresos...), de forma que lle permitan xerar a tesouraría necesaria para reducir o período medio de pago a provedores ata estar dentro do límite máximo establecido na normativa de morosidade, así como medidas encamiñadas a garantir a capacidade do Concello para a cancelación das operacións financeiras concertadas e o financiamento dos gastos correntes.

Moaña, 29 de outubro de 2014

A Interventora M^a Carmen Carracelas Rosales

- Don Xosé Manuel Millán indica que 69 días para quen lle cobra o triplo ao Concello non é moito esperar. Estamos entre os 3 da ratio máis alta que máis tardan en cobrar os provedores. A algunha empresa de construción se lle debe máis de 40.000 euros e non a ten contabilizada e di que é porque nós non lle deixamos. É un descarado. Agora están sen pagar 1.200.000 euros, e ten sen pagar 600.000 euros que ten no caixón e non van cobrar na vida.
- Dona Marta Freire indica que os 69 días se computan desde que se contabilizan, polo tanto é máis de 69 días, as que están no caixón poden levar un ano aí.
- Dona Rosa Solla sinala que non temos os caixóns cheos. Facemos esforzos para pagar mes a mes, e os pagos non son moi dilatados como ocorría anteriormente. Nós facemos un esforzo.
- O Sr. Alcalde toma a palabra e indica que anteriormente levaba a Concellaría de Facenda o PSOE, e había facturas dos anos 2009 e 2010 e sume días e mire se era tempo suficiente o que se tardaba antes en pagalas.
- Dona Marta Freire indica que o Concello ten 150.000 euros de débeda mensual. Cando chegamos, tamén haberá facturas de vostedes, que tivemos que pagar ou non coñecía vostede a situación económica do Concello?
- O Sr. Alcalde di que non haberá a transparencia que hai hoxe. Debemos pagar o antes posible.

6º.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 25/11/2014.

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Con data 15/06/2006, subscribiuse o Convenio entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa asinado en Madrid.

Considerando que a subscrición do dito Convenio pode ser moi beneficiosa para obter o intercambio de información mutua, e sendo unha petición feita polo xefe da Policía Local de Moaña,

proponse a aprobación polo Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión íntegra ao Convenio entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado en Madrid o 15 de marzo de 2006.

SEGUNDO.- Remitir copia do dito acordo a Dirección General de Tráfico do Ministerio do Interior e facultar o Alcalde de Moaña para a sinatura do dito Convenio.

Moaña, 24 de novembro de 2014

O Alcalde, Asdo: José Ferverza Costas»

➤ Dona María Colomba López dá lectura ao escrito do inspector xefe da Policía Local, no que indica que o dito convenio ten como finalidade que as persoas que realicen trámites administrativos, referentes ao seu empadramento en Moaña, ou cambien de domicilio dentro deste Concello, teñan a posibilidade de realizar tamén o dito cambio no permiso de condución e de circulación dos vehículos dos que sexan titulares. Este cambio realizarase directamente dende o Concello (Departamento de Estatística) a través dunha comunicación á Xefatura de Tráfico de Pontevedra. Con iso, os cidadáns e as cidadás aforraríanse desprazamentos, custos, perdas de tempo e esquecementos. Ademais de que ese trámite sería gratuíto e voluntario. Sería positivo e beneficioso para a poboación moañesa a sinatura deste protocolo.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión íntegra ao Convenio entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado en Madrid o 15 de marzo de 2006.

SEGUNDO.- Remitir copia do dito acordo a Dirección General de Tráfico do Ministerio do Interior e facultar o Alcalde de Moaña para a sinatura do dito Convenio.

7º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN VIAL II GOLF DOMAIO E SOLICITUDE DE PREVALENCIA

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 25/11/2014.

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia, procede solicitar da Dirección Xeral de Montes e Infraestruturas Forestais da Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, a DECLARACIÓN DE PREVALENCIA da utilidade pública do VIAL 2 de CONEXIÓN cos SISTEMAS XERAIS da URBANIZACIÓN RESIDENCIAL GOLF DOMAIO -S.A.U. A-7- de DOMAIO (MOAÑA), sobre os terreos pertencentes á XUNTA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE DOMAIO (MOAÑA), afectados polo trazado do devandito Vial.

O citado Vial 2, xunto cos Viais 1 e 3, encóntranse previstos no PLAN PARCIAL RESIDENCIAL GOLF DOMAIO S.A.U. A-7, de DOMAIO (MOAÑA), aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra o 12 de febreiro de 1993 (BOP do 6 de abril e do 31 de agosto de 1993). O devandito pan parcial cos referidos viais foi incorporado á Revisión das Normas subsidiarias aprobada polo Pleno municipal, en virtude da disposición transitoria 3ª da revisión, o 5 de febreiro de 1996 (BOP 29.05.1996). Os Viais considéranse tamén no PROXECTO DE URBANIZACIÓN do devandito ámbito de actuación, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Moaña o 29 de abril de 1998, sendo aprobado definitivamente o REFUNDIDO do devandito PROXECTO DE URBANIZACIÓN pola Xunta de Goberno Local da data 27 de xullo de 2009 (expte. 295/08), e aprobado o MODIFICADO do PROXECTO DE URBANIZACIÓN do VIAL 2 pola Xunta de Goberno Local da 1 de xullo de 2011. Finalmente, na data 25 de outubro de 2012 foi aprobado definitivamente polo Pleno municipal o Estudo de detalle do ámbito e publicado o acordo de aprobación e as súas ordenanzas no BOP n.º 162, do 26 de agosto de 2013.

O vixente PXOM de Moaña é aprobado definitivamente de forma parcial na data 13 de xullo de 2011 (DOG n.º 146 do 1 de agosto de 2011), recollendo integramente o mesmo ámbito de actuación e os viais de acceso e conexión cos sistemas xerais.

O artigo 98 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dispón que "A aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística levará consigo a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes", polo que aprobados definitivamente e en vigor o Plan parcial e o Proxecto de urbanización, está acreditada a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo trazado do citado Vial 2, e, polo tanto, a prevalencia do interese público que representa o devandito Vial de conexión da urbanización cos sistemas xerais sobre os terreos da Comunidade de Montes en man común afectados polo trazado dos devanditos Viais.

O citado art.º 6.1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en man común de Galicia, dispón que: "1. Os montes veciñais só poderán ser obxecto de expropiación forzosa ou impoñérselles servidumes por causa de utilidade pública ou interese social prevalentes aos dos propios montes veciñais.". Á súa vez, o art.º 6.2 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da mencionada Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, dispón que: "Unha vez iniciado o expediente de expropiación, e completado coa memoria xustificativa e a descrición do terreo de que se trate, remitirase á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes para que se enxergue deste á comunidade afectada, por conduto da delegación provincial correspondente, que procederá a informalo no termo dun mes.". Polo demais, é indiscutible, segundo establece o aptdo. 1 do citado art.º 6 do Decreto 260/1992, a posibilidade de expropiación forzosa dos montes veciñais en man común "por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte".

Como considera o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Cont.-Ad.Secc. 1ª) Sentenza núm. 868/2004, do 24 novembro -RJCA 2005- 617- a iniciación do expte. de expropiación forzosa é presuposto da solicitude de declaración de prevalencia da utilidade pública.

En consecuencia, propónse a aprobación polo Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Solicitar á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR a DECLARACIÓN DE PREVALENCIA do interese público do VIAL 2 de CONEXIÓN cos SISTEMAS XERAIS da URBANIZACIÓN RESIDENCIAL GOLF DOMAIO -S.A.U. A-7- de DOMAIO (MOAÑA), sobre os terreos pertencentes á XUNTA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE DOMAIO (MOAÑA), afectados polo trazado do devandito vial.

SEGUNDO.- Remitir copia do dito acordo á citada Consellería do Medio Rural e do Mar.

TERCEIRO.- No caso de que se informe favorablemente a dita prevalencia, continúese a tramitación do expediente de expropiación dos bens e dereitos necesarios.

Moaña, 18 de novembro de 2014. O Alcalde, Asdo: José Ferverza Costas»

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan:

PRIMEIRO.- Solicitar á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR a DECLARACIÓN DE PREVALENCIA do interese público do VIAL 2 de CONEXIÓN cos SISTEMAS XERAIS da URBANIZACIÓN RESIDENCIAL GOLF DOMAIO -S.A.U. A-7- de DOMAIO (MOAÑA), sobre os terreos pertencentes á XUNTA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE DOMAIO (MOAÑA), afectados polo trazado do devandito vial.

SEGUNDO.- Remitir copia do dito acordo á citada Consellería do Medio Rural e do Mar.

TERCEIRO.- No caso de que se informe favorablemente a dita prevalencia, continúese a tramitación do expediente de expropiación dos bens e dereitos necesarios.

8º.- APROBACIÓN III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2014-2018 DO CONCELLO DE MOAÑA

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 25/11/2014.

Dáse conta do informe realizado pola responsable do CIM, dona Patricia Lores Rivera, que literalmente di:

O CIM do Concello de Moaña solicitou á Secretaría Xeral da Igualdade unha subvención por importe de 5547,53€ para financiar o programa de Promoción da igualdade, co obxectivo de proceder á elaboración do III PIOM (Plan de igualdade municipal).

Na resolución de 7 de outubro de 2014, publicada no DOGA do 10 de outubro, resolveron conceder ao Concello de Moaña a cantidade de 2801,50€ para o desenvolvemento do programa, ingresando na tesouraría do Concello, o 80% do total subvencionado, quedando a cantidade restante pendente de ingreso ata a xustificación final da subvención e, sempre que se acredite o pagamento á empresa adxudicataria.

O custo total do programa é de 5547,53€ (ive engadido), dos que 3.738€ constitúen fondo propio. O compromiso de adxudicación foi coa empresa SENES que presentou mellor oferta para o desenvolvemento do programa.

Coa data anterior ao 28 de novembro de 2014 é preciso certificar o pagamento á empresa adxudicataria e o acordo da Xunta de Goberno local da aprobación do plan de igualdade elaborado, co fin de xustificar a subvención dentro do prazo establecido na resolución.

Un Plan de igualdade concreta nun tempo determinado unha política de igualdade poñendo en marcha un proceso de traballo, así como recursos económicos e humanos. Este plan abarcaría o período comprendido entre 2014-2018. O anterior plan vai dende o 2008 ata o 2012.

Isto significa que será preciso analizar unha realidade en todos os sentidos: a política de igualdade existente nos distintos eixes: xestión municipal, emprego, conciliación, saúde, educación, prevención de violencia... polo que resulta necesario a colaboración de todas as concellarías para poder impulsar o III Plan de igualdade do Concello de Moaña e implicarse no seu desenvolvemento, análise e avaliación final de resultados.

Consecuentemente, e tendo en conta o anteriormente exposto faise a seguinte

PROPOSTA:

Aprobación do PLENO do III PLAN DE IGUALDADE do Concello de Moaña.

Moaña, 24 de novembro de 2014.

- Don Odilo Barreiro indica que vai votar a favor e está de acordo con fin do contido. Non está de acordo na tramitación realizada polo Sr. Verdeal. Dálle un tirón de orella polos malos vicios. Acaba de chegar e xa fai os mesmos vicios que os antecesores. Díxonos que ía escoitar os grupos da oposición, e debateríamos este III Plan de igualdade, ocúltase información e só recorre a nós cando están coa auga ao pescozo. Chamounos cando foi o peche do Beque ou os presupostos sen cadrar. Así non se fan as cousas, na tramitación meteu a pata.
- Don Vicente Verdeal indica que eu non ocultou ningunha información e din por feito que estaban arriba os correos para que vostedes interviñesen no III Plan de igualdade. Non minto. Non veño a ocultar nada.
- Don Odilo Barreiro indica que o problema do seu grupo é que non se toman as decisións políticas.
- Don Vicente Verdeal sinala que entendín, e ¿non lle pedín o correo?
- Don Odilo Barreiro indica que dixeron que si estaban arriba e vostede tiña que dicirle ao funcionario que nolo remitise. O resultado é o que é. Debe facer as cousas dunha maneira mellorable. Nós non recibimos o III Plan. E a responsabilidade é súa.
- Interrompe don Vicente Verdeal a don Odilo Barreiro e don Xosé Manuel Millán protesta pola

dita interrupción.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan aprobar o III PLAN DE IGUALDADE do Concello de Moaña.

9º.- MOCIÓN DA CHAMUSCA SOBRE A EXPLANADA DA MOSQUEIRA

Coa data 22/11/2014, rexistro de entrada número 7552, a Federación de AAVV A Chamusca presentou unha Moción, que literalmente di:

«DON FRANCISCO FERREIRA LORENZO, con DNI 35.985.637K, como Presidente da Federación de AAVV A CHAMUSCA, no seu nome e representación, pon a disposición dos veciños/as de Moaña que nos últimos días fixeron unha pacífica e construtiva ocupación da Mosqueira o procedemento de participación veciñal recollido no correspondente Regulamento que, xa desde o ano 1993, establece no seu preámbulo:

“A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades comunitarias, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da democracia representativa. Participación e descentralización, xunto coa eficacia e a transparencia na xestión, permiten a un concello aberto e democrático impulsar unha actuación ao servizo dos intereses da comunidade”

Entendemos perfectamente lexitimados a estes veciños para tomar iniciativas políticas sustentadas no dereito básico dos cidadáns como elementos activos na vida política máis alá do voto electoral cada catro anos e no caso concreto de Moaña nos dereitos dos cidadáns e movemento veciñal

Por tanto a Federación de AAVV A CHAMUSCA propón a Corporación Municipal de Moaña a seguinte moción para ser incluída no vindeiro Pleno Municipal.

Os recheos que deron lugar aos novos espazos no litoral urbano de Moaña sempre foron avaliados como un mal menor que ofrecía aos veciños/as a posibilidade dun mellor desenvolvemento da súa vida cotiá, sempre cun absoluto respecto ao mar e a liña que marca a nosa relación física co mesmo.

O uso destes espazos como lugares de encontro, deporte, servizos de primeira necesidade ou simplemente lecer é a teima que ano tras ano os veciños e as súas asociacións veñen reivindicando, sen esquecer as necesidades dos sectores produtivos mariñeiros que teñen unha grande importancia na nosa vila e deben poder traballar nas mellores condicións posibles.

No verán do ano 2013 someteuse a información do Concello o plan de “Delimitación de espazos e usos portuarios no porto de Moaña” proposto por Portos de Galicia que propuña para a explanada da Mosqueira un uso “relacionado exclusivamente para actividades complementarias dos servizos que se prestan aos usuarios do porto”.

Diversas asociacións, concretamente a AAVV de Tirán e a propia Federación, fixeron as correspondentes alegacións no sentido de recuperar a titularidade do seu uso polo Concello e que este espazo quedara para usos de ocio, deporte, etc. con carácter público polos veciños, unha vez foran retirados os bloques de cemento que impedían o acceso ao mesmo.

No mes de setembro pasado os bloques foron retirados e os veciños, aos que hoxe representamos, intentan polos seus propios medios establecer neste lugar unhas condicións mínimas para o seu uso nunha situación de ausencia de garantías e apoio institucional,

En consecuencia, solicitamos que se someta a debate e votación o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Moaña apoia que o espazo identificado como explanada da

Mosqueira, de 3.348 m2, situado a carón da nave de Deportes náuticos do Porto de Moaña, sexa transformado en parque ou zona verde dedicado a usos de lecer para o disfrute dos cidadán, integrado como parte do paseo do Con.

Neste sentido, instarase a Portos de Galicia facilitar este uso de lecer, ben sexa mediante un cambio no Plan de Usos Portuarios ou a traveso dunha Concesión Administrativa a favor do Concello de Moaña.

Moaña, 21 de novembro de 2014. Asdo. Francisco Ferreira Lorenzo»

- Don Francisco Ferreira indica que quere que as persoas interesadas aquí presentes interveñan no debate e pide ao concelleiro que lle pida desculpas por dicir que esta xente que está aquí presente está manipulada.
- Don Jorge Santomé indica se os carteis (que exhiben) os fixeron na súa casa.
- Don Francisco Ferreira indica que no texto da moción se di que non se pode esquecer os sectores máis implicados do mar que llo proporemos e incluiremos.
- Un veciño di que nós individualmente ocupamos iso e as institucións non se opuxeron dunha maneira clara. Non lle parece legal que se poida retirar o punto da orde do día. Quere chamar a atención. Non estamos manipulando. Queremos chamar a atención, reitera. Falta participación cidadá efectiva. Hai escurantismo institucional. Non coñecemos as ideas de Portos de Galiza que quere darlle un uso produtivo. Nós propoñemos un parque. Hai grupos por detrás facendo chamadas e presións. Nós avisamos das asembleas. É un golpe de efecto para que a sociedade participe na vida política. Arriscámonos a multas. O concurso de ideas propúxose despois de tomar nós ese espazo. Preténdese con este acto dar voz aos veciños, son 3.300 m2 de zona verde e a creación do maior espazo público como zona verde. E nós quitamos o valado. O Real precisa un parque. Desaparecen pistas en varias zonas (Palmás...). Isto queremos que sexa un parque público, biosaudable, para maiores, nenos... Non o decidimos nós. Deberíase votar se queren un parque no Real.

Don Sergio Regueira, da Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo, Cies indica que podemos tomar un acordo para que se inclúa un punto para concretar a moción. Un punto para incluír na moción. Propón que sexa como punto 1 sobre abrir unha mesa de diálogo para acadar acordo e negociación coas administracións. O punto, que se facilita por escrito para a súa inclusión na acta, di:

Abrir unha mesa de diálogo coa participación das partes implicadas de cara a acadar unha solución de consenso para a ordenación do espazo identificado como explanada da Mosqueira, para posteriormente negociar coas administracións e mesmo abrir un proceso para un concurso de ideas (anteproxecto), que dea viabilidade ás lexitimas aspiracións de todos.

- Os veciños piden 5 minutos para falar cos asistentes e saber se están de acordo.
- Don Vicente Verdeal está de acordo con Sergio Regueira. Xuntémonos todos porque o sector do mar é un sector importante e intentemos entre todos chegar a acordos. Pide unha mesa de consenso sobre este tema. Dá lectura á súa emenda. Propón ao Pleno do Concello unha mesa de traballo para A Mosqueira onde interveñan os colectivos sociais e administracións interesadas.
- O Sr. Alcalde indica que cando houbo alegacións dos usos portuarios, desde o Concello mandóuselle a Portos de Galicia e díxose que non coincidía co Plan xeral e afectando a zonas verdes e non pode adiantarse sen o Plan especial. O porto debe consensuar os usos tradicionais afastándose da creación de uso industrial. Pedíuse facer un campo multiusos. O sector do mar querían unha concesión, tamén escola de vela. Fixemos un concurso de ideas co colexio de arquitectos. Trátase de chegar a acordos conxuntamente e debemos contar con todos. É unha medida boa. Propón a iniciativa de Vicente Verdeal a tamén propón unha emenda.
- Un veciño pide unha reunión dos afectados. Indica que aceptan a creación da Mesa

proposta por don Sergio Regueira da Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo, Cies, e que se inclúa como punto 2. Indican que non aceptan a emenda do PP.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os do PP, acordan:

O Pleno do Concello de Moaña apoia que o espazo identificado como explanada da Mosqueira, de 3.348 m2, situado a carón da nave de deportes náuticos do Porto de Moaña, sexa transformado en parque ou zona verde dedicado a usos de lecer para o aproveitamento da cidadanía, integrado como parte do paseo do Con.

Neste sentido, instarase a Portos de Galicia para facilitar este uso de lecer, ben sexa mediante un cambio no Plan de usos portuarios ou a través dunha concesión administrativa a favor do Concello de Moaña.

Abrir unha mesa de diálogo coa participación das partes implicadas de cara a acadar unha solución de consenso para ordenar o espazo identificado como explanada da Mosqueira, e posteriormente negociar coas administracións e mesmo abrir un proceso para un concurso de ideas (anteproxecto), que dea viabilidade ás lexitimas aspiracións de todas e de todos.

10.- MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE PLAN DE REVISIÓN E MANTEMENTO DE ÁREAS DE XOGO

Coa data 24/11/2014, rexistro de entrada número 7578, a voceira do PS de G-PSOE, dona Marta Freire, presentou unha moción sobre o Plan de revisión e mantemento de áreas de xogo.

➤ Dona Marta Freire toma a palabra e indica que isto é consecuencia dunha mala xestión pola concelleira de Servizos. Non se arranxan os danos, e iso provoca perigo para as nenas e os nenos. Esta situación é polo uso que degrada as instalacións por desgaste e actos vandálicos. O PSOE entende que esta situación non é unha escusa. Hai que valorar cada área e ver os elementos que se deben repoñer e manter.

A continuación dá lectura á moción que literalmente di:

«MOCIÓN DO PSOE PARA IMPULSAR UN "PLAN DE REVISIÓN E MANTEMENTO DAS AREAS DE XOGO INFANTÍS"

O aspecto que presentan moitas das áreas de xogo e de lecer no noso municipio evidencian a improvisación e desorganización do actual equipo de goberno, o cal carece de plans de actuación cos que atender as demandas e queixas reais dos moañeses.

As equipacións e mobiliario de xogo infantís, en moitas das áreas, encóntranse en condicións pouco aptas para o seu uso, e menos se temos en conta a idade e fragilidade dos seus usuarios e usuarias, que no deixan de ser nenos e nenas pequenas. Atopámonos dende pezas rotas ou queimadas, parafusos soltos, valado en malas condicións, sucidade, elementos punzantes, maleza... que provocan unha falta de seguridade evidente e un risco innecesario para os máis cativos de sufrir un accidente ou lesión.

Os socialistas entendemos que o seu uso continuado, as inclemencias metereolóxicas e, desgraciadamente, tamén os actos vandálicos son en moitas ocasións unha peza clave para esta situación na que se atopan, pero non debe ser escusa para a súa deixadez por parte do equipo de goberno. Moitas das carencias que presentan serían subsanables cun mantemento regular e respectuoso por parte da concelleira responsable.

É preciso que se faga unha avaliación minuciosa da totalidade das áreas para poder actuar con efectividade, así como traballar na mellora e posta a punto dos parques infantís, para que os máis pequenos non teñan que sufrir a falta de xestión deste goberno do PP.

Á vista de que moitos parques infantís de Moaña non reúnen as condicións debidas nas súas instalacións ou respecto ao seu mantemento, e ante as demandas recibidas de veciños/as, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación de Moaña a adopción dos seguintes acordos:

1- elaboración por parte dos servizos técnicos dun estudo detallado sobre si as áreas de xogo e

os elementos que as integran, inclusive as que se ubican nos centros educativos, cumpren coa actual normativa de seguridade que as regula.

2- elaboración e implantación dun "plan de melloras" co obxectivo de adaptar as zonas infantís á normativa vixente.

3- Unha vez subsanadas as melloras imprescindibles nos parques infantís, proceder a implantación dun "Plan de supervisión e mantemento permanente" que evite deterioros tan evidentes como os que sufren actualmente as zonas infantís no noso municipio.

Marta Freire Riobó. Voceira do PSdeG-PSOE de Moaña.»

➤ Dona María Carmen Regueira dá as grazas polo que me dixeches. Arranxáronse algúns parques. Nalgún caso, o arranxo superaría os 60.000 ou 70.000 euros. No Real tamén fai falta melloras. Nunha varanda 4.500 euros. No Vaticano fanlle falta melloras, tamén no da Praia que se lle puxo a herba artificial, se puxo grazas a Xunta de Galiza. Samertolameu tamén ten moito que arranxar. Fixéronse algúns arranxos.

➤ Dona Marta Freire indica que nas áreas demandan unha actuación e debe facerse un "plan" para avaliar e contabilizar as melloras e establecer unha prioridade. Pide que se faga unha planificación das áreas.

➤ O Sr. Alcalde toma a palabra e indica que hai un estudo de case todos os parques. Algúns arranxos pódense facer co persoal do Concello. Non se incluíu os dos centros educativos. O presuposto é de 30.000 euros pero podemos aforrar uns 4.000 ou 6.000 euros se se fan cousas con persoal do Concello.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan:

1- Elaborar por parte dos servizos técnicos un estudo detallado sobre se as áreas de xogo e os elementos que as integran, inclusive as que se sitúan nos centros educativos, cumpren coa actual normativa de seguridade que as regula.

2- Elaborar e implantar un "plan de melloras" co obxectivo de adaptar as zonas infantís á normativa vixente.

3- Unha vez emendadas as melloras imprescindibles nos parques infantís, implantar un "Plan de supervisión e mantemento permanente" que evite deterioros tan evidentes como os que sofren actualmente as zonas infantís no noso municipio.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

➤ Dona Marta Freire pregunta qué se tramitou sobre a redución das taxas municipais proposto, e se se fixeron algúns trámites.

➤ O Sr. Alcalde indica que Intervención ve difícil aplicarlas e pediralle un informe por escrito á interventora.

➤ Dona Coral Ríos indica que sobre a moción debatida recentemente sobre os enfermos de cancro, que foron os tribunais os que lle recoñeceron á enferma de cancro o dereito á súa pensión.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21:59 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García